

ACTIVIDADES PLÁSTICAS DE PRIMAVERA CON MATERIAL DE REFUGALLO

XARDÍN COLGANTE:

Necesitamos:

- Rolos de papel hixiénico
- Témperas e pinceis/ Rotuladores
- Restos de papel regalo ou decorado
- Tesoiras e pegamento
- Flores
- Grapadora
- Lá ou cordón

Aproveitando rolos de papel, podemos pintalos con témperas ou ben con rotuladores e logo recortar e pegarlles debuxos de restos de papel



Unha vez decorado e seco o cartón, elaboramos unha flor que poñeremos boca abaixo, grapando o talo ao rolo ou atándoo se é moi grosso.

Podemos usar:

- Rollo de papel cortado en tiras e pintado
- Oveiras (“hueveras”) cortadas e pintadas
- Talo de pallaña, limpapipas ou papel ben enroscado para facer un paíño



Unha vez teñamos 5 ou 6 flores listas, poderemos elixir un lugar da Casa para disfrutar dun xardín colgante moi alegre e primaveral.



PAXARIÑOS DE CARTÓN:

Necesitaremos:

- Oveiras (“hueveras”) cortadas individualmente.
- Ollos de pegar (se tedes, senón van debuxados)
- Cartulina
- Tesoiras e pegamento
- Témperas/rotuladores

Con esta manualidade podemos habitar os nosos niños. É moi doado de facer. Podedes aproveitar a cor das oveiras se son vistosas ou pintalas directamente.

Logo só hai que poñerlle os ollos e un piquiño triangular para facer a cara e con dous corteciños aos lados meter as aliñas de cartolina. As patas, cola..., son opcionais.

Poden colgarse, poñerse con chincheta nun corcho, encaixarse nos niños con dous cortes por abaixo, etc.



CON OVEIRAS: Tamén podemos facer xoaniñas, eirugas larpeiras, bolboretas, etc. Só temos que botarlle un pouco de creatividade e imaxinación. Animádevos!



ADIVINANZAS

<https://www.youtube.com/watch?v=Xpr5ues-rNo>

<https://www.slideshare.net/mariahuarte/adivanzas-de-primavera>

CANCIÓN DA PRIMAVERA

<https://www.youtube.com/watch?v=MuLHfNXPOC8&list=RDMuLHfNXPOC8&index=1>